

# **ESTATUTOS DO CLUB NÁUTICO DE PORTO DO SON**

## **CAPITULO I**

### **NORMAS XERAIS**

#### **Artigo 1º.-**

O CLUB NÁUTICO PORTO DO SON é una Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas, que ten como obxecto exclusivo ou principal a práctica física e deportiva polos asociados, así como a participación en actividades e competicións oficiais, sen ánimo de lucro.

#### **Artigo 2º.-**

Os fins desta Sociedade son, a práctica e o fomento de toda clase de deportes que permitan as súas instalacións, dedicando unha especial atención ós deportes náuticos, así como, á promoción de todas aquelas actividades encamiñadas a fomentar a cultura en xeral e a galega en especial, sin perxucio de aquelas outras actividades que directamente, estén relacionadas ou sirvan para un mellor desenrolo dos seus fins. Todo elo sen ánimo de lucro.

Quedan excluídas as actividades de carácter político ou relixioso e as que contraveñan as Leis Vixentes.

Así mesmo, esta Sociedade poderá afiliarse a cantas Asociacións e Federaciós estime oportuno. O acordó será tomado pola Xunta Directiva e refrendado na primeira Asamablea Xeral.

#### **Artigo 3º.-**

O domicilio Social do CLUB NÁUTICO PORTO DO SON, fixarase na explanada portuaria de Porto do Son, 15970 A Coruña.

O Presidente cando as circunstancias o aconsellen, poderá acordar o cambio do domicilio social dentro da mesma localidade.

Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral Extraordinaria.

En ámbolos casos, o traslado de domicilio social non implicará modificación estatutaria, e terá que ser notificado ós socios, e ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

## CAPITULO II

### CLASES DE SOCIOS, ADMISIÓN, DEREITOS E OBRIGAS

**Artigo 4º.-** O número de socios será ilimitado. A Asemblea Xeral poderá suspender, no obstante, a admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: fundadores, de número, honorarios, aspirantes e familiares.

#### **Artigo 5º.-**

Son **socios fundadores** os que ingresaron durante o primeiro ano da fundación do Club e como tales figuran xa recoñecidos nos libros do mesmo.

Son **socios de número** tódalas persoas maiores de idade que así o solicitasen e fosen admitidos como tales y que satisfagan a cota social establecida pola Asemblea Xeral.

O socio de número que por calquera circunstancia cause baixa no Club, non poderá en ningún caso recuperar tal condición, sen o previo pago da cota de entrada.

Serán **socios aspirantes** os menores de 18 anos, tendo dereito ó uso das instalacións sociais mediante a cota que se fixe e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumpriren a maioría de idade.

Serán **socios honorarios** aquelas persoas ás que a Asemblea Xeral confira esta distinción e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Aquelas personas que merezan tal condición, estarán exentas das cotas de ingreso (caso de que a houbera) así como da cota social.

Son **socios familiares** todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con el no mesmo domicilio. Os fillos pasarán automaticamente a socios de número con tódolos dereitos e obrigas de estes si o solicitasen ao cumprir a maioría de idade, si ben satisfacerán o 50% da cota social ata cumprir os 26 anos, sempre que carezan de independencia económica. Unha vez acadada a idade de 26 anos, calquer nova incorporación, sexa de fillo de socio ou non, obrigará o aspirante para poder ingresar na entidade con todos o dereitos e obrigas, a satisfacer o 100% da cuota de ingreso e as que se deriven, que determine a Entidade.

A persona viuva dun socio numerario que conviva con él ó tempo do seu falecemento poderá, previa a súa solicitude, quedar subrogada, nos dereitos de socio numerario e nas obrigas que como tal tivera, conservando asimesmo os dereitos e obrigas dos seus familiares, como socios familiares, mentres cumpran os requisitos descritos no apartado anterior.

## **Artigo 6º.-**

1.- Os socios fundadores é os de número terán os seguintes dereitos:

- a) Contribuír ó cumprimento dos fins específicos da asociación.
- b) Esixir que a Asociación se axuste ó disposto na normativa autonómica deportiva e ó establecido no presente Estatuto.
- c) Separarse libremente da Asociación.
- d) Coñecer as actividades da Asociación e examinar a súa documentación, previa petición razoada ó Presidente.
- e) Expor libremente as súas opinións no seo da Asociación.
- f) Ser elector e elixible para ós órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

2.- Son obrigacións dos socios:

- a) Aboar as cotas que esixa a Asemblea Xeral. O impago ou a demora no pago das cotas sociais, facultará a Entidade a aplicar un incremento ou recargo do 20% sobre a débeda pendiente.
- b) Contribuír o sostemento e difusión do deporte ou modalidade Deportivas.
- c) Someterse o disposto nos Estatutos, e acatar cantas disposicións dicte a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou Presidente, para o bo goberno da sociedade.
- d) Facilitarlle o Club a documentación que lle sexa requirida.

3.- Os socios aspirantes terán dereito a aproveitarse dos servizos e instalacións sociais da Asociación.

4.- Os familiares dos socios de número terán dereito a aproveitarse daqueles servizos e instalacións que se determinen, previo pago da cota fixada.

## **Artigo 7º.-**

O ingreso no Club, en calquera das súas modalidades, efectuarase mediante a solicitude por escrito do interesado e previo pago da cuota de entrada que se estableza, sendo presentado por un socio e adquirindo tal condición no momento en que a Xunta Directiva proclame a súa alta e o inscriba no libro de rexistro de socios.

## **Artigo 8º.-**

A condición de socio pérdese:

- Por vontade propia, comunicada por escrito.
- Por falta de pago das cotas sociais, transcurridos tres meses desde a data límite establecida para o abono das mesmas.

- Por deuda contraída a calquer servizo relacionado coa súa embarcación, ou punto de amarre que lle fora adxudicado no Porto Deportivo; ante esta circunstancia aplicaráselle a mesma normativa que no apartado anterior.
- Por acordo da Xunta Directiva no seu caso, fundado en faltas de carácter grave, previa audiencia do interesado.
- Por calquera outra causa establecida na lexislación vixente.

### **CAPITULO III**

## **ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO**

### **Artigo 9º.-**

Son órganos de representación e goberno do CLUB NÁUTICO PORTO DO SON o **Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.**

### **Artigo 10º.-**

- A. A Xunta Directiva estará formada polo Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro, un Comodoro e dous Vocais.
- B. O Presidente do Club e, no seu defecto, aqueles outros membros da Xunta Directiva que determinen os Estatutos, ostentarán a representación legal do Club, actuarán no seu nome e estarán obrigados a executar os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral, e a Xunta Directiva.
- C. Corresponderá a Xunta Directiva as seguintes atribucións:
  1. Manter o orden e a disciplina no Club, así como nas competicións que se organicen.
  2. Convocar, por medio do seu Presidente, a Asemblea Xeral cando o estime axeitado cumprindo os acordos e decisións da mesma.
  3. A admisión dos novos socios.
  4. Programar e dirixir as actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica do Club.
  5. Redactar ou reformar os Regulamentos de Réxime interno, fixando as normas de uso das instalacións e as tarifas correspondentes.
  6. Proponer a fixación e modificacións das cuotas ordinarias e extraordinarias a Asemblea Xeral.
  7. Designar as Comisións de Traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento do Club.

8. Formular inventario e balance anual, así como redactar a Memoria Anual do Club.
9. Adoptar as medidas oportunas no caso de urxencia, poñéndoas en coñecemento inmediato da Asemblea Xeral.
10. Separar os membros da Xunta Directiva, cambiando polos suplentes.
11. Acordar a expulsión de socios.
12. E en xeral exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas a Asemblea Xeral e tódalas actividades que lle sexan transferidas por esta..

#### **Artigo 11º.-**

A Xunta Directiva celebrará as xuntanzas cantas veces o determine o Presidente ou quen o substitúa nas súas funcións, ben por propia iniciativa ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente, ou no seu defecto polo Vicepresidente ou Secretario, neste orde. A falta de ambos o substituto será o membro da Xunta Directiva de máis idade.

Os acordos da Xunta Directiva serán válidos cando sexan adoptados pola maioría dos asistentes, sendo necesario que concorran a metade dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.

O Secretario ou no seu defecto o Vicepresidente, levantarán acta das sesións, que se transcribirán ó libro de actas.

#### **Artigo 12º.-**

A Xunta Directiva tamén quedará validamente constituída cando estean presentes todos os seus membros, aínda que non mediase convocatoria previa.

#### **Artigo 13º.-**

O *Presidente* terá ademais das facultades que lle confiren estes Estatutos, as seguintes atribucións:

- a) Presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a asemblea Xeral e dirixir as deliberacións de ambas, decidindo con voto de calidade en caso de empate.
- b) Proponer o plan de actividades do Club a Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- c) Ordenar os pagos acordados validamente.
- d) Representar ó Club ante calquera organismo público ou privado.
- e) Firmar as actas, certificados, pagos e outros documentos do Club, co Secretario ou membro da Xunta Directiva que lle corresponda a elaboración do documento do que se trate.
- f) Convocar as eleccións.

O *Presidente* será asistido nas súas funciónes polo *Vicepresidente* que será o seu substituto nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

#### **Artigo 14º.-**

O *Secretario* da Xunta Directiva recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o Libro Rexistro de Asociados e o Libro de Actas e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos do Club. Correspóndelle notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións das mesmas co visto bo do Presidente.

#### **Artigo 15º.-**

O *Tesoureiro* recadará e custodiará os fondos pertencentes o Club, dará cumprimento as ordes de pago que expida o Presidente, dirixirá a contabilidade do Club, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos.

O Tesoureiro está obrigado a formalizar durante o primeiro trimestre da cada ano, un balance e as contas de ingresos e gastos que se porán en coñecemento de tódolos socios.

#### **Artigo 16º.-**

O *Comodoro* coidará da organización Náutica do Club, competicións deportivas, lugares de amarre e de todo o material Náutico propiedade do Club.

#### **Artigo 17º.-**

A elección dos membros da Xunta Directiva efectuarase pola Asemblea Xeral e por un período de catro anos.

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen perxurio do dereito a serlle reembolsados os gastos debidamente xustificadas, e deberán de carecer de interese económico nos resultados das actividades por si mesmos ou por persoa interposta.

Os cargos cesarán na súa función por destitución, renuncia voluntaria, ou por transcurso do prazo para o que foron elixidos.

Ó rematar o prazo de catro anos para o que foron elixidos os membros da Xunta Directiva, de forma automática producirase a convocatoria de eleccións, previa convocatoria do presidente que convocará Asemblea Extraordinaria que deberá aprobar o regulamento e calendario electoral e nombrará unha Xunta Electoral que deberá estar formada por tres membros que non podrán ser candidatos.

Esta Xunta Electoral constituiráse despois de ser elixida no momento de convocarse eleccións, gozará de plenas facultades para resolver tódalas cuestións que puideran presentarse durante o proceso electoral e relacionados co mesmo, e cesará o día que tome posesión o novo Presidente e a Xunta Directiva.

Podrán ser electores, todos aqueles socios que reúnan as seguintes características:

1. Ter una antigüidade dun ano.
2. Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas como socio.
3. Non encontrarse cumprindo sanción por aplicación do Réximen Disciplinario da Entidade.

A renuncia e transcurso do tempo non dan lugar ó cese automático, se non que debería facerse un efectivo traspaso de poderes con entrega da documentación e posta o día do sucesor ou ben esperar ata que a Xunta Directiva nome temporalmente a un substituto, si se trata de renuncia voluntaria.

No caso de producirse vacantes na Xunta Directiva, éstas serán cubertas por socios elixidos pola propia Xunta Directiva.

### **Artigo 18º.-**

- A. A asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do Club e estará integrada por tódolos socios de número e fundadores. O Presidente e o Secretario da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.
- B. A Asemblea Xeral ordinaria quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando estean presentes o representados, a maioría dos seus asociados.

Na segunda convocatoria, a Asemblea quedará validamente constituída calquera que sexa o número de socios asistentes, sempre que estén presente o Presidente ou o Vicepresidente.

A Asemblea Xeral Extraordinaria quedará validamente constituída cando asistan a ela, presentes ou representados, unha quinta parte dos seus asociados, en primeira convocatoria, e en segunda convocatoria quedará válidamente consituída sexa cal fora o número de asociados presentes ou representados.

Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a súa celebración haberá de mediar, como mínimo, quince días naturais.

- C. A Asemblea Xeral reunirase, con carácter ordinario como mínimo unha vez o ano e con carácter extraordinario, cantas veces acorde a Xunta Directiva ou o solicite ó 10% dos socios. Neste último caso realizarase por escrito dirixido o Presidente debidamente firmado polos solicitantes, no que deberá constar o motivo da convocatoria.
- D. Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:
  1. Aprobar o acta da asemblea anterior.
  2. Aprobar o plan de actividades.
  3. Examinar e aprobar a memoria das actividades.
  4. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
  5. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.

6. Exame e aprobación das contas.
7. Modificar os Estatutos do Club.
8. Aprobar as proposicións que formulen os socios e que terán que vir firmados, ó menos polo cinco por cen dos socios.

E. Serán competencias da Asemblea extraordinaria:

1. Elixir aos integrantes da Xunta Directiva, de conformidade co procedemento establecido no regulamento electoral.
2. Aprobar a federación con outras Asociacións.
3. Autorizar o gravame ou hipoteca dos bens sociais.
4. Acordar a disolución do Club.
5. Designar os liquidadores.
6. Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.
7. Resolver os recursos que se establecen no artigo 22 dos presentes Estatutos.

F. Excepto nos supostos nos que a Lei e os Estatutos esixan una maioría determinada, todos os acordos e decisións que correspondan a asuntos engadidos na orde do día adoptaránse por maioría dos votos dos asociados presentes ou representados. Considérase lograda a maioría cando o número de votos afirmativos sexa superior os votos negativos, non computándose a estes efectos os votos nulos ou en branco nin as abstencións. No caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.

G. Os acordos da Asemblea Xeral Ordinaria, deberán de ser adoptados en conformidade co punto anterior. A continuación levaranse os acordos o libro de actas e firmarán o Presidente e o Secretario da Asemblea.

H. Os acordos da Asemblea Xeral Extraordinaria, adoptaránse conforme ó que se establece no punto F) de este artigo, salvo os relativos ós puntos 1, 4 e 5 da Letra E deste mesmo artigo, para os que será necesario o voto afirmativo de dous tercios dos asociados.

### **Artigo 19º.-**

Os acordos da Asemblea Xeral serán vinculantes e de obrigado cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón de materia, da posibilidade da súa impugnación perante os órganos competentes e da Federación Galega Deportiva da modalidade ou perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.



## CAPITULO IV

### RÉXIME DOCUMENTAL

#### Artigo 20º.-

O réxime documental do Club, constará dos seguintes libros: **Rexistro de Socios, de Actas e Contables**.

No **libro de rexistro de socios**, terán de constar os nomes e apelidos dos socios de número, o seu D.N.I. e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan no Club. Tamén especificaranse as datas das altas e baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Nos **libros de actas**, consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As Actas terán que estar asinadas, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

Nos **libros de contabilidade** figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigas, e ingresos e gastos do Club, debéndose precisar a procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

### RÉXIME DISCIPLINARIO

#### Artigo 21º.-

Os órganos e socios do Club estarán sometidos ó regulamento disciplinario do Club e ó disposto no Título VII da Lei 11/1997 Xeral do Deporte de Galicia e normativa do seu desenvolvemento.

#### Artigo 22º.-

Así mesmo o Presidente e os membros da Xunta Directiva responderán fronte os socios, o club ou terceiros dos prexuízos que ocasionaren por culpa ou negligencia grave, de conformidade coa regulamentación propia do Club e o Ordenamento Xurídico vixente.

## CAPITULO V

### RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

#### Artigo 23º.-

1. No momento da creación do Club deportivo, o patrimonio fundacional é de 100 euros.
2. No futuro o patrimonio do Club estará integrado por:
  - a) As achegas económicas dos socios, que aprobe a Asemblea Xeral.

- b) As doazóns e subvencións que reciba.
- c) Os resultados económicos que pode producir as manifestacións físico-deportivas que organice a entidade.
- d) As rendas, froitos e intereses do seu patrimonio.

Queda expresamente excluído como fin do club o ánimo de lucro e a totalidade de seus ingresos e beneficios aplicaranse ó cumprimento dos seus fins sociais.

#### **Artigo 24º.-**

O Club poderá gravar e allear bens, mobles e inmobles, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:

1. Que se autoricen tales operacións por maioría dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.
2. Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da Entidade ou a actividade físico-deportiva que constipa o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo poderáse esixir, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico-actuarial.
3. Cando se trate de gravar o allear bens, mobles e inmobles que foran financiados en todo ou parte, con Fondos Públicos da Comunidade Autónoma será preceptiva a autorización previa do órgano competente da Xunta de Galicia.

#### **Artigo 25º.-**

O Club poderá emitir títulos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, que serán nominativos.

Os Títulos inscribiráanse nun libro que levará ó efecto o Club, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

#### **Artigo 26º.-**

Os títulos de débeda só poderanse subscribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

#### **Artigo 27º.-**

Os títulos de parte alícuota patrimonial han ser asemade, subscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

### **Artigo 28º.-**

Os títulos de débeda e parte alícuota patrimonial serán transferidos unicamente entre os que teñan a condición de socios.

## **CAPITULO VI**

### **REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DO CLUB**

#### **Artigo 29º.-**

Os presentes Estatutos só se poderán modificar, reformar ou derrogar, por acordo da Asemblea Xeral Ordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos socios asistentes ou representados.

A reforma destes estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, os mesmos trámites administrativos que para a súa inscrición.

#### **Artigo 30º.-**

O Club extinguirase ou disolverase por acordo de

- a) A Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto.
- b) Por sentenza xudicial.
- c) Por outras causas legalmente determinadas.

En todo caso haberá de ser notificado ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

#### **Artigo 31º.-**

Disolvido o Club, o remanente do seu patrimonio social, se houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo ben por acordo previo da Asemblea Xeral ou subsidiariamente polo órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.